



**INFORME-MEMORIA DE NECESIDADE E OUTROS ASPECTOS**

**CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL DO CAMIÑO ANCHO”**

**EXPTE. 1600/2022**

En relación ao proxecto das obras “REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL DO CAMIÑO ANCHO”, redactado polo arquitecto D.José Antonio Gómez Domínguez, colexiado COAG 4169 en xaneiro de 2021, cun valor estimado de 202642,14 euros, IVE de 94619,25 euros, e cun orzamento base de licitación de 297261,39 euros, o cal foi aprobado polo Pleno na sesión de data 03-02-2021, aos efectos do previsto nos artigos 28, 231, 233 e 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, emítense o seguinte,

**INFORME**

**PRIMEIRO.-** Aos efectos do previsto no artigo 28 da LCSP a necesidade do presente contrato está motivada polo estado actual da edificación existente na parcela coa referencia catastral 4368127NH0146N0001SM. Existe unha edificación que antigamente era unha escola unitaria na planta baixa e a vivenda do profesor na planta primeira. Esta edificación ten un almacén anexo. Actualmente xa non funciona como escola e é un espazo de usos múltiples sociocultural para uso dos veciños do lugar do Camiño Ancho.

A obra a executar pretende reformar e ampliar estes espazos socioculturais e facer unha pista polideportiva exterior. Vaise a demoler o almacén anexo existente xa que está nunhas condicións precarias e tamén a cuberta existente do centro sociocultural para poder gañar en altura nos espazo interior da planta primeira. Tamén se demolen parte de divisións verticais como se pode ver nos planos. Ca ampliación proxectada vaise a conseguir dúas salas de usos múltiples, cunha máis grande que a actual. Unha zona de despachos e almacenaxe. Incorporáanse aseos accesibles e tamén un elevador accesible. Con esta reforma e ampliación tamén se consegue mellor confort térmico no interior do edificio e se mellora en xeral as súas condicións e as da parcela. Con este proxecto o edificio pasa a ser totalmente accesible.

**PROGRAMA DE NECESIDADES:** Planta baixa: Vestíbulo, Sala de usos múltiples, Despachos, Almacén, Aseos e Instalacións. Planta primeira: Sala de usos múltiples e aseo

**PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS** O prazo de execución das obras é de 12 meses

TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	206,445.86
13.00 % Gastos xenerais	26,837.96
6.00 % Beneficios industriais	<u>12,386.75</u>
VALOR ESTIMADO:	245.670,57
21.00 % I.V.A	<u>51,590.82</u>
<u>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN</u>	<u>297,261,39</u>





## A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

**SEGUNDO.-** Para os efectos de consignación orzamentaria, estímase que o valor estimado do contrato referido, de conformidade co previsto no artigo 101 LCSP é DE 202.642,17 euros, máis 94.619,25 euros de IVE, totalizando a contía de 297.261,39 euros como orzamento máximo de execución por contrata.

**TERCEIRO.-** Os terreos sobre os cales se vai a executar as obras, obxecto do presente contrato, son de titularidade municipal, para os efectos do disposto no artigo 236 da LCSP, e a actuación é conforme co planeamento vixente no concello da Pobra do Caramiñal, Orde de aprobación definitiva final do 03-07-2008 (DOG do 01/09/2008).

**CUARTO.-** O Proxecto de obras elaborado cumpre coas previsións legais dos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e refírese a obra completa.

**QUINTO.-** O arquitecto redactor do proxecto no seu informe de data 30-05-2022 acredita a non divisibilidade en lotes, acreditando as esixencias do artigo 99.3 LCSP, e no seu informe de data 31-05-2022 acredita que as actuacións contempladas no Proxecto de reforma e ampliación do centro sociocultural do Camiño Ancho, A Pobra do Caramiñal, non afectan a estabilidade, seguridade ou estanqueidade de ningún inmovible de titularidade municipal ou privada dando cumprimento aos termos recollidos no artigo 235 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.-** Consta no expediente a autorización sectorial da Deputación da Coruña e a acta de replanteo posterior á aprobación do proxecto.

**SÉTIMO.-** Para os efectos previstos no artigo 233 LCSP, no Proxecto de obras elaborado consta o correspondente prego de prescricións técnicas particulares, onde se detallou a descrición das obras, regulándose a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución. Os criterios que figuran no Prego de Prescricións Técnicas proporcionarán aos empresarios o acceso en condicións de igualdade no procedemento de contratación e non teñen por efecto a creación de barreiras e obstáculos inxustificadas para a libre concorrencia e competencia das empresas interesadas (Art. 126 LCSP 2017).

**OITAVO.-** O Concello de A Pobra do Caramiñal non ten medios materiais nin persoais para levar a cabo e executar directamente as referidas obras, polo que é preciso que os mesmos sexan executados por unha empresa suficientemente capacitada.

Na data da sinatura dixital.

O arquitecto técnico municipal

Héctor Ramón Muñiz Sanisidro

